

Orde do 31 de marzo de 2011 pola que se regulan os prezos privados aplicables pola cesión temporal de instalacións para actividades formativas por parte da Academia Galega de Seguridade Pública.

O artigo 50 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón que «son prezos privados as contraprestacións que obteñan os suxeitos a que se refire o artigo 3 desta lei pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito privado cando, prestando tamén tales servizos ou actividades o sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados ». Así mesmo, o artigo 51 da citada lei establece que os prezos privados serán fixados polas consellerías correspondentes, atendendo ás condicións e circunstancias do mercado en que operen e publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, vista a proposta formulada pola Academia Galega de Seguridade Pública e logo do informe favorable da Consellería de Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1.1. Esta orde ten por obxecto o establecemento dos prezos que se aplicarán pola cesión temporal das instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública para actividades académicas ou culturais non contrapostas aos fins desta institución.

1.2. Os prezos que se aproban nesta orde pola cesión temporal de instalacións non serán de aplicación para as actividades organizadas pola Administración autonómica, excepto cando a participación na actividade de que se trate estea sometida a dereitos de inscrición. Neste caso aplicaranse os prezos que se establecen no artigo 2º desta orde.

1.3. Todos os prezos se entenderán co IVE incluído.

Artigo 2º.-Cesión temporal de instalacións.

2.1. Apróbanse os prezos que se detallan a continuación para a cesión temporal de espazos da Academia Galega de Seguridade Pública:

Dependencia	Prezo por día €
Aulas	154,13
Aulas con medios informáticos	244,13
Auditórium	353,18
Auditórium con medios informáticos	553,18
Residencia:	
• aloxamento por cuarto	33,67
• con almorzo incrementase, por persoa, o aloxamento	3,00
• con media pensión incrementase, por persoa, o aloxamento	10,50
• con pensión completa incrementase, por persoa, o aloxamento...	16,50
Pista práctica conducións todo terreo	2.005,00

2.2. O horario de uso será:

- a) Dos espazos será as 8.30 e as 20.30 horas de luns a venres.
- b) Da residencia: entrada ata as 14:00 horas; saída ata as 13:00 horas.

2.3. O aboamento destes prezos terá que facerse efectivo cunha antelación mínima de 48 horas á utilización do espazo cedido, agás a residencia, que se realizará á saída.

2.4. A cesión e o uso das instalacións e da residencia e comedor estará sometido ao cumprimento das normas de xestión interna das instalacións.

2.5. Os prezos de instalacións que figuran neste artigo inclúen:

- a) No caso das instalacións, os custos relativos a persoal de apoio e persoal técnico para a prestación de servizos de carácter informático ou audiovisual, cando así se requiran e calquera que sexa o día da semana en que se produza a cesión.
- b) No uso da residencia os da limpeza e adecentamento de cotío dos cuartos.

Artigo 3º.-*Actualización dos prezos.*

Os prezos regulados nesta orde actualizaranse o un de xaneiro de cada ano na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC, base 2006) no mes de novembro, calculado polo INE. Os prezos así actualizados deberanse facer públicos mediante resolución da persoa titular da

Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011.

Alfonso Rueda Valenzuela

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza